



Guía Docente				
Datos Identificativos				2023/24
Asignatura (*)	Inglés I	Código	653491019	
Titulación	Mestrado Universitario en Xerontoloxía (Plan 2011)			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Mestrado Oficial	1º cuatrimestre	Primeiro	Optativa	3
Idioma	CastelánInglés			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Letras			
Coordinación		Correo electrónico		
Profesorado		Correo electrónico		
Web	gerontologia.udc.es/docenciaL/postgrado_oficial/ingles1.php			
Descrición xeral	Esta materia pretende cubrir as necesidades dos profesionais da saúde cuxa especialidade se relaciona coas persoas maiores, en canto ao seu contacto coa lingua inglesa, sexa con textos escritos ou con situacións onde necesitan falar e entender inglés. Trata tamén algunhas cuestións teóricas relacionadas co léxico e a sintaxe.			

Competencias do título	
Código	Competencias do título
A5	Saber realizar procuras en bases de datos científicas, así como aplicar os resultados das mesmas na consecución de proxectos de investigación.
A7	Ter os coñecementos suficientes para incorporarse como investigador en actividades de I+D+i.
A11	Saber difundir os resultados obtidos na actividade asistencial a través das diferentes fontes de información xerontolóxicas e xeriátricas.
B6	Ser capaz de incorporarse a calquera equipo de I+D+i.
B7	Estar en disposición de realizar actividades asistenciais e investigadoras de xeito integral nos campos social, sanitario e sociosanitario.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C2	Dominar a expresión e a comprensión de forma oral e escrita dun idioma estranxeiro.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias do título		
	AI1	BM1	CM2
Os alumnos deberían poder ler e entender textos escritos e falados en inglés de nivel intermedio que traten de temas relacionados co campo da Xerontoloxía.	AM2		CM2 CM3 CM4 CM6 CM8
Os alumnos deberían poder escribir textos sinxelos acerca da súa especialidade, e resumir textos e artigos.			CM1 CM2 CM3
Os alumnos deberían poder falar con certa facilidade acerca de temas relacionados coa xerontoloxía en situacións cotiás, cos compañeiros de traballo ou con pacientes.	AI1		CM2
Os alumnos deberían poder realizar presentacións orais en inglés relacionadas co campo da Xerontoloxía.	AI3	BI2	CM2



Contidos	
Temas	Subtemas
Introducción. O Inglés nas Ciencias da Saúde	Características léxicas e sintácticas (nivel elemental). Tempos e formas verbais. &quot;Unha Persoa Maior que Coñezo&quot;; Práctica en composicións. Análise e corrección de erros. Pedir e dar direccións.
A Miña Especialidade	Práctica en presentacións e composicións. &quot;My Speciality&quot;; Estratexias na realización de presentacións.
Secretos de unha Larga Vida	A xenética, estilo de vida e factores ambientais. Texto (lectura e preguntas): &quot;An Overview of Geriatric Care&quot;.
Onde e Cando?	A colocación e os tempos na vida das persoas maiores. Os coidados familiares e profesionais. Residencias e coidados no fogar.
A Práctica Diaria coas Persoas Maiores.	As tarefas, a medicación e aparellos útiles. Características léxicas e sintácticas (nivel intermedio).
A Vellez e o Cerebro.	A Demencia e a Enfermidade de Alzheimer. Lectura e comprensión de textos. Situacións e Problemas prácticos.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Lecturas	C2	0	8	8
Aprendizaxe colaborativa	B6 B7 C2	3	9	12
Presentación oral	C2 C3 C6	4	8	12
Sesión maxistral	C4 C8	14	0	14
Portafolios do alumno	A5 A7 A11 C1 C2	0	18	18
Traballos tutelados	A11 C2 C3 C6 C8	0	10	10
Atención personalizada		1	0	1

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Lecturas	Artigos, textos e diversos 'hand outs' ao longo do curso. Vídeos e outros materiais audiovisuais.
Aprendizaxe colaborativa	Traballo colaborativo en parellas ou grupos, co uso de TIC's cando sexa necesario.
Presentación oral	Presentacións en clase, sen utilizar apuntamentos escritos, apoiadas por PowerPoint ou similar. Un ensaio durante o curso: a presentación final terá lugar cara ao final do cuadrimestre. Posible estrutura (opcional): TÍTULO, CONTIDO, CORPO DA PRESENTACIÓN, DISCUSIÓN CONCLUSIÓN.
Sesión maxistral	Clases semanais impartidas por o/os profesor/es.
Portafolios do alumno	Traballos escritos en casa, asistencia e participación.
Traballos tutelados	Traballo escrito, (para ver detalles: &quot;Atención Personalizada&quot;)

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición



Traballos tutelados	<p>O profesor de Inglés I é o mesmo que o que imparte a materia Inglés 2.</p> <p>Traballo escrito, con seguimento do profesor titular da materia. Consiste nun traballo escrito de 6 - 7 páxinas, Times New Roman 12, dobre espazo. Tema no campo da xeriatría e xerontoloxía. Os alumnos poden elixir o título, pero débese consultar co profesor encargado da materia antes de realizar o traballo. Os profesores dispoñen do programa informático Turnitin, para evitar o plaxio.</p> <p>Este traballo será probablemente a base da presentación, a menos que se pida permiso expresamente.</p>
---------------------	--

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias	Descrición	Cualificación
Presentación oral	C2 C3 C6	Presentación en clase, cara ao final de cuadrimestre, utilizando un software específico do tipo Power Point / Prezi ou similar. O tema será algo relacionado coa especialidade da xerontoloxía, elixido polo propio alumno.	30
Traballos tutelados	A11 C2 C3 C6 C8	Traballo fin de materia, dunhas 6 ou 7 páxinas. Os profesores dispoñen do programa informático Turnitin para evitar o plaxio. Para axudar a conseguir unha contorna inmediata sustentable e cumprir cos obxectivos estratéxicos do Plan Green Campus da Facultade de Fisioterapia, os traballos documentais que se realicen nesta materia poderanse solicitar en formato virtual ou soporte informático.	40
Portafolios do alumno	A5 A7 A11 C1 C2	Outros traballos realizados ao longo do curso. Participación e asistencia.	30

Observacións avaliación
<p>O profesor, en contacto cos alumnos, poderá considerar situacións especiais, referidas á participación dos alumnos en clase, á porcentaxe das probas realizadas e á realización do resto das probas.</p> <p>Segunda oportunidade: Os alumnos que non cumpriron as esixencias da sección "participación e asistencia" terán que realizar un traballo, cuxo contido terán que consultar co profesor. Máis, aparte diso, os criterios de avaliación serán os mesmos que na primeira oportunidade.</p>

Fontes de información	
<b>Bibliografía básica</b>	<p>- Grice, Tony (2007). Nursing 1 (Students' book) . Oxford University Press ISBN: 978-0-19-456977-4</p> <p>NON HAI UN LIBRO QUE SE TEÑA QUE COMPRAR OBRIGATORIAMENTE. O LIBRO DE GRICE PODE SER ÚTIL Á HORA DE REPASAR E PREPARAR A MATERIA. Os LIBROS DA LISTA QUE VÉN A CONTINUACIÓN PODEN SER ÚTILES PARA CONSULTA Ou PREPARACIÓN. MOITOS DISTOS ESTÁN NA BIBLIOTECA DO CAMPUS DE OZA. Baker, Ann. Introducing english pronunciation a teacher's guide to: tree or three? and ship or sheep? Cambridge [etc.]: Cambridge University Press, 1982. Birren, James E. Encyclopedia of gerontology. 2nd ed. Oxford: Elsevier, 2007. Bond, John. Ageing in society an introduction to social gerontology. 2nd ed. London: Sage, 1994. Bradley, Robin A. English for nursing and health care a course in general and professional English. Milano: McGraw-Hill, 2005. Brocklehurst-s textbook of geriatric medicine and gerontology. 6th edition. London: Churchill Livingstone, 2003. Diccionario de términos y frases médicas inglés-español, español-inglés. Madrid: Paraninfo, 1996. Edo Marzá, Nuria. English for patient-administration and non-clinical hospital staff. Alcalá la Real (Jaén): Formación Alcalá, 2011. Fitzgerald, Patrick. English for medicine in higher education studies: coursebook. Reading, UK: Garnet Education, 2010. Greenhalgh, Trisha. English for physicians english for medical conferences &amp; presentations = inglés para médicos: inglés para congresosy presentaciones médicas. Madrid: Churchill Livingstone España, 1995. Moody, Harry R. Aging: concepts and controversies. 6th ed. Thousand Oaks (California): Pine Forge Press, 2010. Worsfold, Brian. Acculturating age: approaches to cultural gerontology. Lleida: Edicions i Publicacions de la Universitat de Lleida, 2011. Print. Dedal-Lit (Universitat de Lleida) 7.</p>
<b>Bibliografía complementaria</b>	

Recomendacións
Materias que se recomenda ter cursado previamente



<b>Materias que se recomenda cursar simultaneamente</b>
<b>Materias que continúan o temario</b>
Inglés II/653491020
<b>Observacións</b>
<p>O profesor da materia "Inglés 1" é o mesmo que o que imparte "Inglés 2".</p> <p>Para axudar a conseguir un entorno inmediato sustentable e cumprir cos obxectivos estratéxicos 1 e 2 do "III Plan de Acción do Programa Green Campus FCS (2018-2020)" os traballos documentais que se realicen nesta materia: Maioritariamente solicitaranse en formato virtual e soporte informático.&amp;nbsp;</p>

(\*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías